

PLAN DE IGUALDADE

IES María Soliño

Curso 2022/2023

ÍNDICE

1. **Bases legais** – páxinas 3,4
2. **Obxectivos xerais** – páxina 5
3. **Obxectivos específicos** – páxina 6
4. **Actuacións** – páxinas 7, 8
 - 4.1. **Diagnósticas**
 - 4.2. **Actuacións concretas que se van desenvolver no curso 2022/2023**
5. **Tratamento** – páxina 9
6. **Avaliación** – páxina 10

1. BASES LEGAIS

A lexislación actual en todos os niveis, europeo, estatal e galego, constitúe a base da política de igualdade e diversidade que debemos establecer nos centros educativos de Galicia para garantir o pleno desenvolvemento de todas e cada unha das persoas que fan parte da comunidade educativa.

En primeiro termo, a Constitución española de 1978 ditamina que todos os cidadáns e cidadás do estado español son iguais ante a lei. Do mesmo xeito, tamén proclama a protección da dignidade das persoas, dos seus dereitos inviolables e do libre desenvolvemento da súa personalidade. No seu artigo 27 expresa que “a educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais”.

A LOMCE establece no seu artigo 1 que o sistema educativo debe favorecer o desenvolvemento na escola dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero. Outro obxectivo para a Educación Secundaria Obrigatoria atópase contemplado no Artigo 23. c “Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitir os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres”. Finalmente, no Artigo 33.c "Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade."

Ademais, no artigo 124 da LOE sobre Normas de organización, funcionamento e convivencia a LOMCE introduce unha modificación, e mantén que "aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a calificación de falta moi grave e levarán asociada como medida correctora a expulsión, temporal ou definitiva, do centro.

No Capítulo III da mesma LOMCE, sección primeira, relativa ao Consello Escolar, podemos atopar os seguintes artigos relacionados con este tema: Artigo 126.2 “O Consello Escolar do centro designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres”; e o Artigo 127.g “Promover medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos entre todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social”.

O Real Decreto 1105/2014, que establece os contidos do currículo do Ensino Secundario, no seu artigo 6 ditamina como Elementos Transversais no sistema educativo "o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social."

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato en Galicia, estipula no seu artigo 4 que se evitarán tanto os comportamentos como os contidos que supoñan discriminación por razón de identidade de xénero ou orientación sexual, indo máis alá que a LOMCE na defensa dos dereitos do colectivo LGBT dentro do ensino. Ademais, tamén indica no mesmo artigo que se debe “favorecer a visibilidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e transexual”. Así, este decreto é froito do desenvolvemento e aplicación dos artigos 22 e 26 da Lei 2/2014, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Esta lei establece principios e medidas destinados á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, nos sectores público e privado.

O capítulo 5 da Lei 2/2014 establece que se deberá incorporar a realidade LGBTI nos plans de estudos, así como revisar todo o material en uso. Deberán desenvolverse programas que busquen corrixir calquera tipo de actitude ou comportamento discriminatorios por motivos de identidade de xénero ou orientación sexual; divulgarase a realidade LGBTI entre as ANPA; combaterase o acoso, e fomentarse a visibilidade das persoas LGBTI.

Finalmente, no ano 2016 a Xunta aprobou o Protocolo de Identidade de Xénero, que establece medidas concretas co seguinte obxectivo: "a diversidade é unha realidade tanxible que se vive na escola e é, polo tanto, un valor positivo que se debe aprender desde as etapas iniciais do sistema educativo. Así pois, a escola ha de ser verdadeiramente inclusiva, espazo onde se ten que respectar a identidade de cada persoa e onde o feito trans non causa rexeitamento." Este Protocolo apróbase a raíz da Lei 2/2014 mencionada anteriormente, e busca establecer medidas concretas que garantan o seu cumprimento efectivo.

2. OBXECTIVOS XERAIS

-Introducir a perspectiva de xénero na actividade educativa.

- Garantir o principio de igualdade de oportunidades nos centros educativos.
- Visibilizar modelos de coeducación.

-Integrar a diversidade de xénero, sexual e afectiva para un bo desenvolvemento individual da competencia social e cidadá.

- Identificar e eliminar os estereotipos de xénero na convivencia diaria.
- Normalizar a presenza de alumnado diverso no eido afectivo-sexual.
- Fomentar as actividades formativas no ámbito da diversidade afectiva e sexual
- Previr o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado.
- Diseñar un breve protocolo de actuación para abordar casos de conductas contrarias á convivencia por razón de xénero.

-Previr, detectar e intervir en casos de violencia de xénero.

- Diseñar unha guía básica de detección precoz da violencia de xénero.
- Fomentar actividades formativas para previr a violencia de xénero.
- Visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero (control, acoso, abuso,etc.)
- Sensibilizar sobre o uso de redes sociais, mensaxería instantánea,... nas relacións persoais tóxicas (abuso de poder, sometemento...)
- Elaborar un protocolo de actuación para intervir en caso de violencia de xénero, en coordinación cos servizos sociais.

-Previr, detectar e intervir en casos de LGTBIfobia.

- Fomentar actividades encamiñadas a normalizar a presenza do colectivo LGTBI na nosa comunidade educativa.
- Fornecer de materiais que favorezan a non-discriminación nas aulas.
- Apoiar ao alumnado vítima de LGTBIfobia, favorecendo a intervención do resto do alumnado na atención e denuncia.
- Elaboración de pautas de actuación que dean resposta ás necesidades.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

a) Alumnado

- Promover o respecto á libre orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero.
- Fomentar unha actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico.
- Propiciar a reflexión sobre as situacións estereotipadas e discriminatorias que son manifestas nos medios de comunicación, especialmente na televisión e nas publicacións escritas.

b) Profesorado

- Establecer unhas pautas de actuación comúns que supoñan un apoio á igualdade de xénero e a promover un centro coeducativo e respectuoso coa diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.
- Eliminar a presunción de heterosexualidade e de xénero das persoas que compoñen a comunidade educativa e das familias.
- Contribuír a facer do noso lugar de traballo un espazo seguro para as persoas LGBTI, visibilizando o rexeitamento de toda discriminación por motivos de orientación afectivo-sexual, diversidade familiar e identidade de xénero.
- Rexeitar os comentarios, chistes e burlas sexistas ou homófobas feitas polo alumnado ou polo persoal do centro, estean dirixidos ou non a mulleres ou a persoas LGBTI presentes. O silencio e a pasividade reforzan os comportamentos e actitudes de acoso sexista, homófobico e transfóbico.

c) Familias

- Reflexionar coas súas fillas e fillos sobre a importancia de establecer a igualdade de sexo e de xénero e da liberdade na elección da identidade de xénero e da libre orientación afectivo-sexual.
- Repartir de forma xusta e equilibrada as tarefas domésticas entre os diferentes membros da familia.
- Permitir que as fillas e os fillos teñan as afeccións que desexen e escollan os traballos que lles gusten.
- Orientar profesionalmente ás fillas e fillos independentemente do sexo.

4. ACTUACIONES

4.1. DIAGNÓSTICAS

- Realizar unha diagnose do centro para coñecer o grao de sexismo e introducir mudanzas que promovan unha maior igualdade entre homes e mulleres. As liñas de análise poden ser as porcentaxes de homes/mulleres nos colectivos recollidos na seguinte táboa.

Análise da situación actual (Curso 22/23)

Colectivo	Nº Mulleres	Nº Homes	Nº total	% Mulleres	% Homes
Alumnado ESO	125	123	248	50,40%	49,60%
Alumnado Bacharelato	113	87	200	56,5%	43,5%
Alumnado Ciclo	12	46	58	20,68%	79,32%
Delegados ESO	3	6	9	33,33%	66,67%
Delegados Bach.	4	4	8	50%	50%
Delegados Ciclo	0	2	2	0%	100%
Profesorado	36	14	50	72%	18%
Equipo directivo	3	1	4	75%	25%
Comisión pedagóxica	18	4	22	81,81%	18,19%
Consello Escolar	9	7	16	56,25%	43,75%
Titorías	15	5	20	75%	25%
Comisión de orientación	5	1	6	83,33%	16,67%
Persoal administrativo	1	1	2	50%	50%
Persoal de conserxería	2	0	2	100%	0%
Persoal de limpeza	4	0	4	100%	0%

4.2. ACTUACIÓN CONCRETAS QUE SE VAN DESARROLLAR NO CURSO 2022/2023

Desde o IES María Soliño queremos esforzarnos por seguir construíndo un espazo seguro no noso centro. Queremos contribuír, ademais, a que a vila de Cangas gane en tolerancia e respecto cara a diversidade que coñecemos e por este motivo reforzaremos a colaboración con CODIMO (Colectivo Diverso do Morrazo), unha asociación sen ánimo de lucro que está a dar os seus primeiros pasos.

Este curso máis ca ningún outro queremos estar presentes nas rúas, denunciar unha vez máis a violencia machista, crear conciencia entre o noso alumnado, educar e promocionar en materia de igualdade e acadar, por fin, o respecto que todas as persoas merecemos. Tamén queremos seguir aprendendo de todas aquelas que lamentablemente seguen a padecer a falta de aceptación por parte da sociedade e queremos darlles voz.

O profesorado implicado nesta actuación está impaciente por colaborar de xeito activo ao desenvolvemento persoal do noso alumnado e á mellora da nosa sociedade.

1. **Desenvolvemento de obradoiros con persoas de CODIMO** en diferentes niveis educativos.
2. **Creación dun grupo de apoio LGTBIQ+.**
3. **Realización dun mural con temática LGTBIQ+ na vila de Cangas.**
4. **Rehabilitación de bancos con temática LGTBIQ+** na vila de Cangas e no propio centro.
5. **Estampaxe de camisetas e bolsas de tea** con mensaxes a favor da igualdade.
6. **Homenaxe a unha muller trans dos anos 80/90 na vila de Cangas** (documental).
7. **Comemoración do 25 de Novembro.**
8. **Comemoración do 17 de Maio:** concurso de deseño da faixa para a manifestación e evento reivindicativo.
9. **Instalación da bandeira representativa de todo o colectivo LGTBIQ+.**

Os obxectivos que se perseguen con estas dúas liñas de actuación son:

1. Erradicar os estereotipos que aínda nos acompañan e crean desigualdade.
2. Prever, detectar e tratar a violencia machista en todas as súas manifestacións.
3. Promover o respecto pola diversidade afectivo-sexual.
4. Sensibilizar á comunidade educativa ante situacións de discriminación por razón de identidade e/ou orientación sexual.
5. Promocionar a igualdade de oportunidades para todas as persoas.

5. TRATAMENTO

- Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares presentes no centro educativo (familias homoparentais o lesboparentais, familias monoparentais, adoptivas, multiétnicas, multirraciais, transnacionais ou calquera outra das moitas formas de familia que están presentes na nosa contorna).
- Posuír un taboleiro que recolla información de interese sobre a igualdade de xénero e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.
- Favorecer un uso da linguaxe non sexista nin heterosexista: usar a linguaxe inclusiva no centro e na aula, na medida do posible.
- Revisar a linguaxe utilizada na aula e o que aparece nos libros, eliminando o sexismo e a LGBTIfobia onde os haxa.
- Elaborar un protocolo de intervención en caso de acoso escolar por homofobia e transfobia entre o alumnado.
- Crear un Equipo de Igualdade e Diversidade que conte coa presenza e representación de todos os membros da comunidade educativa.

6. AVALIACIÓN

- Analizar se existen docentes, familias ou alumnado LGBTI que se fagan visibles como tales no centro.
- Revisar se os carteis e imaxes colgados nos corredores o taboleiros das aulas así como os materiais didácticos que se utilizan no centro mostran a diversidade étnica, corporal, relixiosa, afectivo-sexual e de expresión de xénero.
- Analizar se existen materias no currículo con contidos relacionados co acoso escolar por homofobia e transfobia.
- Analizar se existe documentación e materiais de libre acceso de temas de diversidade de orientación afectivo-sexual e de identidade de xénero.